

ARDORA

Revista do mar



Instituto Urbano Luguís de Malpica

Esta revista do mar *Ardora* foi realizada polo Equipo de Normalización Lingüística do Instituto “URBANO LUGRÍS” de Malpica de Bergantiños.

O noso centro creouse en 1973 como colexio de ensino primario. É Instituto de ensino secundario dende 1996. Recibe o nome de Urbano Lugo dende o ano 2000, instituído nun acto para o que contamos coa presenza de Urbano Lugo Vadillo, fillo do pintor, e o poeta Manuel María. O Instituto está situado cerca do Cabo Santo Hadrián e das Illas Sisargas e cunha preciosa vista ao mar.

A nosa comunidade educativa está formada na actualidade por 29 profesores, 1 conserxe, 1 auxiliar administrativo, 2 persoas do servizo de limpeza e 235 alumnos.

EDITORIAL

Defensa dos valores da paz e do medio ambiente

Celebramos un ano máis a saída de *Ardora*, a revista do noso Centro. Queremos lembrar con ela ao grande poeta Antón Avilés de Taramancos, a quen este ano conmemoramos na Festa das nosas Letras e da nosa Cultura.

Estamos seguros de que desde o alén, Antón Avilés, que amou tanto a Galicia, e foi un grande amigo de Urbano Lugo, acompañou o pobo galego nese grande berro de protesta e dor colectiva que foi o NUNCA MÁIS. Galicia foi golpeada, unha vez máis, nun sector básico da súa economía, e nun ecosistema valiosísimo, como consecuencia do embarrancamento do petroleiro Prestige na Costa da Morte. Neste caso, sen embargo, o noso país tivo moi presentes aquelas palabras de Castelao: “O problema de Galiza é un problema de dignidade colectiva” e “En Galiza, non se pide, emígrase”. Galicia espertou do seu sono, e foron moitas as manifestacións onde milleiros de galegos e galegas expresamos a nosa dor polo acontecido e ao mesmo tempo a esixencia dun futuro moito mellor para a nosa Terra. A Cadea Humana, na que este centro participou, amosou tamén que ese futuro diferente que arelamos é posible.

Por outra banda, a guerra contra o pobo do Iraque, provocou a resposta dos nosos alumnos e alumnas, que expresaron o seu rexeitamento a esta agresión inxustificada, e manifestáronse en contra da guerra como método para controlar o petróleo e solucionar diferencias políticas. Nas páxinas de *Ardora* tedes unha ampla mostra das súas opinións sobre estes dous problemas, que fan que esta primavera veña para nós un pouco tristeira. Agardamos que a vindeira traia, amais das flores novas e os paxaros, un mundo onde se respecte e se preserve o medio ambiente, sen o cal non hai futuro para o noso planeta, e tamén desaparezan as guerras, substituídas por paz, diálogo, igualdade. Queremos que os nosos soños sexan algún día realidade. NUNCA MÁIS aos desastres ecolóxicos, NUNCA MÁIS á guerra.

Imprimíronse 500 exemplares en Imprenta Gervasio (Carballo), que se distribúen gratuitamente entre a comunidade educativa do Instituto Urbano Lugo de Malpica. Estamos en Beo-Seaia, parroquia de Vilanova, Santiso, 15113 Malpica (A Coruña).
Teléfonos: 981720144-981721707. Fax 981721707.
E-mail. ies.urbanolugris@edu.xunta.es
Web:http://es.geocities.com/ies_urbano_lugris

Portada: Antón Avilés de Taramancos e Urbano Lugo, nos Cantóns da Coruña, anos cincuenta.



AVILÉS DE TARAMANCOS

(Noia 1935- A Coruña 1992)

Xosé Antón Avilés Vinagre naceu na aldea de Taramancos, concello de Noia, o 6 de Abril de 1935. Aos 18 anos trasládase á Coruña onde realiza estudos de Náutica. Na vila herculina coñecerá o escritor Xohán Casal e a Urbano Lugrís, grande amigo seu. Marcha a Colombia, onde realizará os máis diversos oficios. Namorarase profundamente das terras americanas e fruto dese amor será o fermosísimo libro: “Cantos Caucanos”

Nos anos oitenta volta a Noia e alí inaugura a “Tasca Típica”, taberna que se convertirá nun espacio de encontro de poetas e amigos. Na súa vila tomará parte activa na política municipal, desde as súas ideas nacionalistas. Como Concelleiro de Cultura realizará un importantísimo labor.

Antón Avilés faleceu o 22 de Marzo de 1992, na Coruña e foi soterrado no cemiterio de Boa, cuberto coa bandeira de Galicia.

A súa poesía exalta a natureza e a Terra, a infancia, o amor... e expresa os sentimentos e ideais máis elevados do ser humano.

Neste ano adicado a el, lembramos con emoción a Avilés de Taramancos, grandísimo poeta e nacionalista exemplar.

OBRAS

Obra poética :

- **As moradías do vento (1955)**
- **A fruta e o garmelo (1958)**
- **O tempo no espello (1982)**
inclúe *Poemas a Fina Barrios* (1959) e *Poemas soltos a Maricarme Pereira* (1961)
- **Os poemas da ausencia (1961-1981)**
- **Cantos caucanos (1985)**
- **As torres no ar (1989)**
- **Antoloxía poética (1992)**
- **Última fuxida a Harar (1992)**

Outras obras:

- **Nova crónica das Indias (1989)**
- **Obra viva (1992)**



Na outra banda do mar construen o navio:
o martelar dos calafates resoa na mañá, e non saben
que están a construír a torre de cristal da miña infancia.
Non saben que cada peza, cada caderna maxistral
é unha peza do meu ser. Non saben
que no interior da quilla está a médula mesma
da miña espiña dorsal; que no galipote a quencer
está o perfume máxico da vida.
Que cando no remate ergan a vela, e a enxárcia
tremole vagarosamente no ar
será o meu corazón quen sinta o vento,
será o meu corazón.

(*As Torres no ar*, 1989).

Tania Blanco Fidalgo
Érika Santos Varela
(4º A)



AO REDOR DO “PRESTIGE” E A GUERRA

Con motivo da traxedia ecolóxica, económica e social que supuxo para o noso país o afundimento do petroleiro Prestige, o IES Urbano Lugrís realizou diversas actividades de concienciación e sensibilización do alumnado, entre as que salientan a organización como centro receptor, da cadea humana que máis de 45.000 rapaces e rapazas de toda Galicia realizaron entre Laxe e Muxía; previamente pintáronse mans en negro nos muros interiores do centro en sinal de solidariedade co mar, e tamén se leu o Poema SOS de Manuel Antonio e se cebaron globos de cores na Praia de Seaia, en sinal de desagravio ao noso mar, fonte de vida e de futuro. Os diversos cursos realizaron actividades variadas nas distintas áreas de coñecemento. Algunhas das colaboracións que realizaron os alumnos e alumnas foron as seguintes:

“VIDA”

Cincuenta mil rapazas, rapaces, profesores e xente de distintos lugares unidos por unha mesma causa: devolver a vida ás costas galegas. Unha cadea humana de 45 km uniu por unhas horas as vilas de Laxe e Muxía. Viñeron de toda Galicia e incluso de fóra para solidarizarse con nós. Saímos en varias cadeas de televisión, en periódicos, nas emisoras de radio e tamén en medios de comunicación doutros países ademais dos españois. Se con iso bastase para desfacermonos desta catástrofe, fariamos unha cadea cada día. Pero parece case imposible xa que todos os días chegan novas manchas de fuel ás nosas costas e agora tamén ás doutras comunidades e países. Xa non só somos os galegos e galegas os prexudicados. Nós, os rapaces e rapazas do IES Urbano Lugrís, estivemos na praia de Traba (Laxe) formando parte, xunto con xente de Coristanco e Vigo, da palabra VIDA situada no medio da longa praia. Bloqueados entre todos os accesos ás praias, cos nosos autobuses dos que tivemos que ir e volver a pé (varios km) por corredoiras e camiños enlameados e cheos de pozas. Pero valeu a pena, porque nos viron e nos escoitaron e iso é importante xa que pode servir para que a xente se decate de que estamos fartos, que non queremos volver formar a palabra VIDA se iso significa que antes houbo tanta morte.

Eva Rodríguez Graña (3º A)

A CADEA HUMANA

Foi impresionante como centos de rapaces e rapazas dos institutos de toda Galicia permaneceron unidos en 45 km de costa. Eu estaba entre eles, na praia de Traba, en Laxe. O noso colexio, Urbano Lugrís, colaborou co de Coristanco e saíu bastante ben. Cando chegamos a dita praia colocámonos na palabra VIDA, vestidos con bolsas de plástico de diferentes cores. Foi un signo único, unha protesta imparabile, un contrapunto á palabra MORTE que hai un mes aparecía debuxada con chapapote na area desta mesma praia. Porque nós, os rapaces e rapazas, somos o futuro e protestamos con todas as nosas forzas para que isto non volva pasar. Poida que o resto da xente non esperte do seu sono e siga crendo aos políticos e a todas as mentiras que se din nas cadeas de televisión, pero a nós, repito, aos rapaces e rapazas serviranos para concienciarnos e aprender a non ser ignorantes, o que nos levará a loitar polos nosos dereitos e así esixilos.

Eva Mª Romay Lema (3ºA)



CANTIGAS CONTRA O CHAPAPOTE

As vacas tolas
o peixe morto
¿Que imos comer?
¡¡Merda!!

Costas galegas
illas galegas

¿Que imos facer?
¡¡Merda!!

Ollos negros
vista negra
¿Que ha de ser?
¡¡Merda!!

Noelia Varela, Patricia Núñez, Tania Ceide (3º B)

¡Ai mar que viches nacer a tantos mariñeiros!
¡Ai mar que deches de comer a tantos
percebeiros!
¡Ai mar malpicán!
¿Por que te tratan como un can?

¡Ai mar dono de tantas ondas!
¡Ai mar dono de tantos animais!
¡Ai mar dono de tantas mortes!
¡Ai mar dono de nós!

Ondas do mar das Sisargas,
¿Por que morren as nosas algas?

Ondas do mar de Galicia
¿Por que non podeades vir con
ledicia?
Ai ondas do mar de España
¿Queren os peixes esta compañía?

María Manuela Álvarez (3º A)

As nosas fermosas costas
agora vemos estragadas
por mor dunhas fatídicas horas
que as deixaron todas manchadas

Xente, aves e peixe;
todos andan revoltos
pola porcallada que os deixa
a todos medio mortos.

As nosas rochas escuras
molladas sempre polo mar
con esta espesa negrura
non as podemos pisar.


Os nosos lugares fermosos
agora non podemos mirar
cheos de riso e de gozos
xa que mellor é chorar.

Eva Rodríguez Graña (3º A)

Ondas do mar de Muxía,
que nos acabaches coa alegría.
¡Ai que desgracia!

Por culpa dese petroleiro
está na desgracia cada mariñeiro.
¡Ai que desgracia!

Álvaro Suárez Castro (3º A)



HAIKUS

A morte do mar
da Costa da Morte.

Esténdese a negrura,
ribeiras contaminadas,
o mar sen cura

Desastre: marea negra,
gran contaminación
e moita perda.

Mancha negra hai na praia,
animais mortos tamén.
¿Hai alguén que o evite?
Non pode haber ninguén.

Desgracia de moita xente
a carón do mar,
miran as ondas escuras
que xa non volverán ser iguais.



A marea negra,
mar contaminado,
pobo destruído.



Efectos da marea negra,
desgracias no mar,
desastres na terra.

Os animais mariños
téñeno cru,
ou negro.



Desde que a marea negra chegou
a Costa da Morte morreu.
Xente sen traballo,
animais mortos...

As ondas baten coas rochas
ondas negras cheas de desgracia.
Ninguén sabe como parar
o desastre que está a pasar.

(4º A)



POESÍAS E TEXTOS DIVERSOS SOBRE A PAZ

Pun, pun fan as escopetas
Ai, ai laia a xente
Este é o noso mundo
Que se acaba de repente.

Alejandro, José, Luis Miguel (3ºB)

Podo asegurar que mentres eu estou a pensar, os demais están a rezar pola súa familia, polas súas crenzas, pola súa vida. Mentres eu estou a escribir os demais están a morrer.

Alberto Fraga (3ºB)

A guerra non queremos,
Protestar só podemos.

(Iria)

A paz mundial queremos,
Por ela loitaremos.

(Paula)

A primavera chegou
Trae alegría, cor e amor.

(Helena)

Cando chega a guerra
A felicidade leva.

(Silvia)

A paz é melodía
Cantemos todos xuntos.

(Eva Romay)

Comeza a guerra
Deteriórase a terra

(Francisco)

Unha guerra sanguinaria
Espera unha paz imaxinaria
Esta guerra sen fundamento
Ten escuro firmamento.

(Tomás)

Buscamos a paz
Unida toda a terra
Soñando que non hai guerra
Homes cun soño fugaz.
Xa chegou a primavera
E con ela comezou a guerra

(Tamara)



Gotas de sangue
Usurpan Iraque
Enlaces de mortes
Rompen a paz
Roídos pola avaricia
Acoden á guerra

Tania Ceide, Noelia Villanueva, Ángeles Vila, Paula Veiga (3º B)

Todo o mundo berra
Non á guerra.

(Martín)

Iniciouse a guerra
Nós estamos contra ela
Non a podemos parar
Porque xa comezaron a bombardear.

POESÍA

Xa chegou a primavera,
Florecen as flores,
Énchenos de polen
E ¡ai como olen!

Xa chegou a primavera
E terá que marchar
Xa chegou a guerra
E terá que acabar
Para da primavera
Deixarnos disfrutar.

Polas mañás,
Os paxariñoñ podemos escoitar,
Cando o sol se pon
As ideas podemos aclarar.

Belén Garrido (3º A)



ACRÓSTICOS

Non hai guerra!
Oxalá fose certo
Nin diferencias

Ante as distintas razas

Goberno intolerante
Un sinfín de mentireiros
Engánannos a todos
Reunámonos e protestemos
Reivindiquemos a paz mundial
Algún día o mundo será un.

Nós a guerra non queremos
O pobo iraquí comprendemos
Non é normal no século XXI

A guerra comeza por culpa de algúns

Guerrilleiros, asasinos, os
Únicos culpables destes destinos
E mentres tanto todos protestamos
Rir non podemos, por iso choramos
Recoñecemos que somos culpables de querer
A paz mundial.



Paula e Iria (3º A)

¡¡¡NON Á GUERRA !!!

Dende as tres da madrugada do mércores, dezanove de marzo, todos os iraquís viven baixo a opresión dun cantos, que o único que queren é ser os “xefes” do mundo.

Cada día oen como sobre as súas cidades caen bombas destruindo todo o que encontren por diante, incluso vidas. Nenos que non poden ir á escola, porque en calquera momento, poden perder o que máis aprezan: a vida. Xente que cando se deitan na cama a durmir, pensan que pode ser a última vez que o fagan.

Por todo isto e por todo o que conleva este suceso, a maioría da xente dicimos :
!NON Á GUERRA¡ e esperamos que todo isto remate axiña, polo ben de todos e cada unha das persoas que vivimos neste mundo.

¡NON Á GUERRA!

Paula Fraga (3º A)



PAZ

P-A-Z : só tres letras temos que sacar do abecedario. Sacalas é fácil, o problema é conseguir a palabra PAZ. Conseguila tamén sería fácil se non existise a guerra.

¿Por que ten que existir a guerra? Neste momento non era necesaria a guerra en Iraque; está morrendo xente sen culpa ningunha, mellor dito están matándoa, sendo inocente, e todos somos seres vivos e formamos parte do Universo. Temos que unirmos e formar a PAZ.

Belén Garrido (3ºA)

A PAZ E A GUERRA PARA NÓS

A paz para min sería un mundo no que toda a xente se axudase, países con recursos dispostos a dar o que a eles lles sobre a lugares onde os necesiten máis. Un mundo sen dictadores, sen terroristas e sen prexuizos.

A guerra para min é un mundo desigual, no que países ricos atacan a países pobres porque aínda queren ser máis ricos. A guerra é un momento no que á xente poderosa non lle importa matar inocentes para ter máis poder.

A guerra é a morte.

Belén Pereira Corral, 3º C

A guerra, a guerra,
A guerra non é un telexornal.
A guerra, a guerra,
A guerra é un hematoma
No planeta Terra.

Para min a guerra é
un feito non necesario;
en pleno século XXI
as cousas non deberían
de solucionarse así.
E aínda que alguén pensase
que a guerra fose
A solución, non debería de apoiarse
esa decisión.
¡Non á guerra!

A paz é vontade, unión, amizade e alivio.

A guerra son mortes, choros, familias destruídas, incompetencia.

A guerra é algo innecesario que se pode
solucionar con palabras sen chegar a máis.
Xente como Bush sobra.
A paz é a liberdade dun pobo, a felicidade de
moita xente que agora está morta.

A paz é amor, amizade, felicidade...

A guerra é unha sombra negra, unha escuridade, a
morte, sufrimento...



A guerra é unha desgracia,
a ruína, un mundo negro tinguido
de sangue mouro e americano.



A guerra é unha catástrofe que non debía suceder.
A guerra provoca moita fame para todos.
A guerra e a paz son como o odio e o amor.

A guerra é símbolo de xente sen límites, capaz de todo por unha insignificancia sen maior importancia. Moita xente morre mentres outros “viven”.

A paz é algo que nunca vivín xa que o mundo é incapaz de aplicar e manter ese concepto. Supoño que sería a igualdade, xustiza, dereitos...

A guerra son moitas mortes inxustas por culpa duns insensatos que só pensan no diñeiro sen ter en conta un pobo que non desexa morrer.

A paz é unha solución aos problemas políticos sen que haxa que matar a ninguén.

A guerra é raiba porque fan que o mundo retroceda no lugar de “levantalo”. Raiba por destruír vidas que levou miles de anos formar e que nunha décima de segundo se poden arrebatar.

A paz é como debes vivir, é o dereito que tes de vivir a vida, de vivir a vida en paz. A paz é o que todo o mundo pide, incluso os que a están destruindo.

A guerra é un desastre que leva á morte de moitas persoas inocentes, como son os nenos. É a destrución de miles de fogares e unha etapa de sufrimento, tristeza e desesperación.

A paz é todo o necesario para ser felices e vivir tranquilos.

A guerra é destrucción, terror, medo, comenencias, morte... algo que é imposible que solucione nada, creo que o único que hai que ver son as palabras que a definen.

A paz é o contrario da guerra, porque é imposible que nun lugar onde haxa guerra haxa paz.

Textos elaborados por 4º A



NARRACIÓN

“Supersticións”

Era outubro e algúns dos estudantes da facultade recibiran unhas misteriosas cartas nas que os citaban diante da reixa do antigo cemiterio da cidade de Cork, o día 31 dese mes á media noite, xunto cos seus mellores amuletos, pois necesitaríanos.

Os dez estudantes que recibiran a carta asistiron inxenuos e inconscientes do día que era. Pouco a pouco foron chegando os amigos ao punto de encontro nesta orde: a primeira en cegar foi Ágata, e logo chegou Liliana á que todos lle chamaban Lilian, despois Alberte, tras del Vera, Saúl, Susana, Mateo, Ezequiel ao que lle daban en chamar Caqui, Noemí e o último en chegar foi Damián. Ao pouco de chegar todos e preguntarse uns aos outros se alguén sabía o porqué daquela situación, escoitaron algo que proviña de detrás deles, do cemiterio. Déronse a volta e observaron que a reixa, antes pechada, agora estaba aberta.

-O vento- dixo Mateo

-Si, o vento- afirmou Alberte

Comezaron de novo a falar. Lilian, asustada polas súas supersticións, dixo se alguén máis que ela trouxera os seus amuletos como o remitente puxera na carta. Todos dixeron que si, agás Damián.

-Amuletos, buaaaaa. Non sei como podedes crer nesas tonterías.-dixo el con ton de superioridade.

E deu a volta, dicindo:

-Xa que tendes os vosos máxicos amuletos, non vos importará entrar ao cemiterio e dar unha volta por aí. A ver ¿Quen é o primeiro que se apunta a entrar? ¿Ninguén? Pois alá vou eu. ¡Ah! E se vedes que tardo moito chamade aos cazapantasmas.

Ao acabar de dicir iso adentrouse no cemiterio soltando unha gargallada do máis burlona.

Pasados dez minutos, os compañeiros de Damián esperaban o seu regreso impacientes.

-Entremos a buscalo- di Susana-, pois estou empezando a inquietarme.

-De acordo, entremos a buscalo e esquezamos o noso remitente, que parece que nos deixou colgados -asente Alberte.

Cando os amigos entran, diríxense á pequena capela que estaba no interior, pensando que Damián estaría a revolver por alí. Non viron ninguén, pero si colleron unhas candeas alí abandonadas, para alumarse. Ao acender a primeira, soprou unha fina brisa que bastou para apagala deixando tras de si un fedor horrendo. Ao acender un misto para volvela prender, Ágata soltou un arrepiante berro que fixo que Zaqui soltase o misto e se fose apagar ao chan.

-Estupendo, era o derradeiro misto, Ágata, gracias a ti xa non teremos nada co que alumeármonos mentres buscamos a Damián por este enorme cemiterio- replicou Saúl.

-É... é... é que vin algo que proviña de alí, como un resplandor -dixo tateando Ágata.

-Anda, non digas parvadas. Resulta que vai ter razón o paspán de Damián -di de mala maneira Vera.

-¡Non son parvadas!;Eu sei o que vin!;Mirade!;Velaí está outra vez!

-Agora si que é certo, é tan certo como que me chamo Mateo -afirma el.

De súpeto a imaxe difumínase no aire ata se facer invisible.



-Vaiámonos de aquí, deixemos o tnto de Damián só, malo será que mañá non apareza- propón Lilian tan aterrada que non sabía o que dicía.

-Pero ¿ti sabes o que estás a dicir?Acabamos de ver unha pantasma e no único que pensas é en deixar a Damián aquí só e marchar para a casa tan tranquila. ¿Ti es parva ou que? -di Saúl indignado-. O primeiro que temos que facer é buscar algo co que alumearnos Vera, ¿tés aí o móbil?

-Si, ¿para que o queres? ¿Non se che ocorrerá chamar as cazapantasmas, como dixo Damián?

-¡Pois claro que non! Quéroo para alumear algo o camiño coa súa luz e a do meu.

-Boa idea- di Zaqui-, toma, eu empréstoche o meu.

-De acordo, emprendamos a búsqueda -ordena Saúl.

Entón os rapaces saíron da capela e adentráronse naquel labirinto de tumbas, unicamente alumeadas pola pouca luz que desprendían aqueles móbiles, aos que logo se lles acabaría a batería. De súpeto, á súa dereita unha man sae de debaixo da terra rozando o pé de Vera, o de Alberte e o de Mateo, dándolle só tempo a reaccionar da maneira máis rápida, comezando a correr. Chegado a un punto, paran e séntanse a repoñer forzas enriba dunhas tumbas cubertas pola herba. Nese intre os móbiles quedan sen batería. Agora non teñen con que alumearse.

-¡Non! -berra Zaqui-, hoxe é Halloween, o día en que os mortos teñen posibilidade de volver...

-Vale, Zaqui -interrompe Noemí-, xa sabemos a historia do día de Halloween, pero... ¿estás seguro de que é hoxe?

-Pois claro, hoxe é trinta e un de Outubro, día antes de todos os santos -aclara Zaqui.

-Entón, deixémonos de descansos e sigamos na búsqueda de Damián, para marchar canto antes deste horrendo lugar -ordena Lilian poñéndose en pé seguida do grupo.

De súpeto, Mateo di que esperen un momento. Paran todos e...

-Falta Susana -decátase Mateo-, antes ía detrás miña e agora non está.

-¿Onde irá? -pregunta Noemí.

-Seguro que fuxiu, nunca me fiei dela, só se preocupa por si mesma -quéixase Saúl.

-Iso non é certo -defende Vera-. Busquémoslos os dous.

De pronto, unha voz arrepiante soa:

-Primeiro foi Damián, logo Susana, así iredes caendo todos, un por un...

-¿Quen es? ¿Que queres de nós? -berra Lilian repetitivamente sen obter resposta.

Volvendo a andar ata chegar xunto da única árbore que alí había, detivéronse de novo inquedos, co presentimento de que algo ou alguén os seguía, ollaron ao seu redor e... ¡buh!, Susana e Damián saíron de detrás da grosa árbore, suficiente para agachalos os dous.

-Pe... pe... pero vós estabades mortos -exclaman os oito a un tempo.

Partíndose de risa, Damián e Susana cóntanlles aos seus amigos que todo fora unha broma, desde o das cartas ata ese momento. Explicáronlles tamén o dos efectos especiais mentres se dirixían de novo á reixa. Cando chegaron, a reixa seguía aberta, despedíronse e mentres o facían escoitaron uns ruídos que proviñan do cemiterio, tan aterradores que todos deron en correr despavoridamente. Nin sequera pararon a mirar o que os ocasionara, un pequeno gatiño que saltara sobre un esqueleto que viña cara a eles, facéndoo caer en anacos. ¡Aaahh!

Noelia Villanueva Mariño (3º B)



UN SUCESO DOS ANTEPASADOS: O AVIÓN QUE VOABA CANDO LLE DABA A GANA.


Nos anos corenta e cincuenta pasou un acontecemento moi interesante. Eran dous mozos, aínda ben novos, chamados Benigno e Xeneroso, eles dous eran irmáns e tiñan diferentes afeccións: Benigno tocaba con moito gusto e alegría o acordeón, en cambio a Xeneroso gustáballe andar en bicicleta, xa que foi varias veces campeón da Volta Ciclista á Costa. Vivían en Malpica, concretamente no Ventorrillo. Malpica é unha vila da Costa da Morte onde moita xente vai pasar as vacacións.

Estes mozos eran moi intelixentes, e quixeron inventar un medio de transporte, que segundo os comentarios da xente da vila, era para ir a América voando. Benigno e Xeneroso utilizaron madeira e sabas principalmente, para facer este transporte. A forma deste proxecto era de cruz, tiña pedais, tamén dispoñía de dous asentos que estaban construídos de palla, a transmisión era as ás e utilizaban unto para engraxar os pedais e que así andase máis facilmente. Este tipo de avioneta parecíase ao seguinte debuxo:

O percorrido que querían facer estes dous mozos era segundo os comentarios da xente da vila, chegar a América. Pero aínda que todo estivese previsto así, non aconteceu deste xeito. Benigno e Xeneroso partiron do Campo do Cura e saíron voando ata a praia de Canido, que foi o sitio onde caeron. Aínda que todo sucedese dun xeito inesperado, o éxito foi total, xa que eran moi intelixentes e tiñan moi boas ideas.

Nestes momentos Benigno xa morreu por mor dun cancro que tiña ao pulmón. Pero o seu irmán Xeneroso aínda está vivo e ten máis de oitenta anos. Despois de buscar e buscar encontramos unha copla referida a este suceso. Di así:

*Indo pola carretera
Encontrei un avión
Os fillos de Marcelino
¡Caramba que chumba!
Que van pr'o Xapón.*



Laura Pose Domínguez (2º A)
Matilde González Vilariño (2º A)

O DAMEIRO DAS LETRAS GALEGAS 2003

Adiviña as palabras definidas e lendo en vertical as súas iniciais, obterás o nome completo do escritor a quen se lle dedican este ano as Letras Galegas.


- Persoa que non sabe ler nin escribir
- Can de Shin Chan
- Persoa a quen lle prende a lingua
- Polbo en inglés
- Xogador do Deportivo
- Nome de muller
- Cidade pequena
- Casa de Deus
- Lente de aumento
- Dumbo era un
- Cidade andaluza
- Pedra preciosa moi cara
- Músculo situado ao lado do pescozo
- Instrumento para medir a temperatura
- Especie de serpe
- Primeiro apelido de Castelao
- Persoa que vai á lúa
- Vila da comarca de Bergantiños
- Nai da miña nai
- Punto cardinal
- Réptil
- Enfermidade dos ósos
- Personaxe da TVG



Estefanía Vila García
Adrián Pereira Pose
Agustín Lema Verdes
Nuria Loureiro Mato
Ana Cotelo Freijeiro
Belén Pereira Corral
Cristina Martínez Varela
Santiago Garrido Bermúdez

SOPA DE LETRAS GALEGAS

Nesta sopa de letras hai dez palabras que aparecen nos títulos das obras do escritor homenaxeado este ano nas Letras Galegas. Cando as localices, nas letras sobrantes poderás ler uns versos do mesmo poeta.



Cristina Martínez Varela (3º C)



O PIRATA BENITO SOTO

Benito Soto Aboal (A Moureira, Pontevedra, 1805-Xibraltar, 1830), foi o pirata galego por excelencia. O sétimo de catorce irmáns, fillo de mariñeiros, axiña coñeceu ben a Costa da Morte así como a portuguesa, e o contrabando de todo tipo: café, tabaco, tecidos, cacao, etc; mais a necesidade empurrouno a emigrar primeiro a Cuba, onde coñeceu o mundo dos escravos e da trata de negros así como a piratería, e logo Brasil; axiña se enrola nun barco negreiro en Brasil, chamado *Defensor de Pedro*, no que vai a provocar un motín para quedarse con el (rebautizado como *A Burla Negra*) e dedicarse a piratería que lle dará sona en todo o mundo, especialmente pola captura do barco inglés *Morning-Star* e do estadounidense, de Boston, *Topaz*.

Terminaría os seus días aforcado en Xibraltar, mais a súa memoria segue viva, especialmente en Pontevedra, onde aínda se conserva intacto o seu fabuloso tesouro, que algún día non lonxano servirá para financiar a normalización lingüística e cultural do noso país.

O escritor José María Castroviejo, entre outros, ocupouse da figura de Benito Soto, nunha fermosa novela titulada *La burla negra* (1955), da que tiramos a ilustración da portada para a “nosa” revista.

Por outra banda nos escuros anos da longa noite de pedra aparece a colección de poesía *Benito Soto*. Naceu en Pontevedra no ano 1949 por iniciativa de Sabino Torres, Cuña Novás e Emilio Álvarez Negreira, con ilustracións de Rafael Alonso e na que tamén interven posteriormente Celso Emilio Ferreiro.

Edita 14 volumes e 4 fóra da colección, tal como reflicte o cadro seguinte:

Emilio Negreira, MADRIGAL (1949)

Sabino Torres Ferrer, COMO EL RÍO (1949)

Xosé M^a Álvarez Blázquez, POEMAS DE TI E DE MIN (1949)

Emilio Álvarez Blázquez, POEMAS DE TI E DE MIN (1949)

Álvaro Cunqueiro, DONA DO CORPO DELGADO (1950)

Tomás Barros, GÁRGOLAS (1950)

Ricardo Carballo Calero, ANXO DE TERRA (1950)

Eliseo Alonso Rodríguez, CANTOS DE COTOVÍA (1950)

Luís Pimentel, TRISCOS (1950)

Manuel María, MUIÑEIRO DE BRÉTEMAS (1950)

José Ruibal, EL DIOS DE LOS PRECIPICIOS (1950)

Augusto Casas, CANTIGAS DA NOITE MOZA (1950)

Manuel Fabeiro Gómez, FOLLAS DE UN ÁRBORE SENLLEIRO (1950)

Juan Pérez Creus, AS CANCIOS DISE AMOR QUE SE DIZ OLVIDO (1951)

Fora da colección:

Poesía:

Celso Emilio Ferreiro, Antonio Blanco Freijeiro, MUSA ALEMÁ (1951)

M. Cuña Novás, FABULARIO NOVO, 1952

Ensaio, colección Huguin

Julián Marías, LA ESCOLÁSTICA EN SU MUNDO Y EN EL NUESTRO

Colección cuadernos de arte galego

LAXEIRO, Nota de introducción de José Ruibal



ALVARO CUNQUEIRO



DONA DO CORPO
DELGADO

COLECCIÓN "BENITO SOTO"
1950

MANUEL MARIA



MUÑEIRO
DE BRÉTEMAS

COLECCIÓN "BENITO SOTO"
1950



JOSE MARIA CASTROVIEJO

LA BURLA NEGRA



EDITORIAL PRENSA ESPAÑOLA

TRADUCCIONES

‘LE NAUFRAGE’

JOSÉ-MARÍA DE HEREDIA
LES TROPHÉES

Avec la brise en poupe et par un ciel serein,
Voyant le Phare fuir à travers la mâture,
Il est parti d’Égypte au lever de l’Arcture,
Fier de sa nef rapide aux flancs doublés d’airain.

Il ne reverra plus le môle Alexandrin.
Dans le sable où pas même un chevreau ne pâture
La tempête a creusé sa triste sépulture;
Le vent du large y tord quelque arbuste marin.

Au pli le plus profond de la mouvante dune,
En la nuit sans aurore et sans astre et sans lune,
Que le navigateur trouve enfin le repos.

Ô Terre, ô mer, pitié pour son ombre anxieuse !
Et sur la rive hellène où sont venus ses os,
Soyez-lui, toi, légère, et toi, silencieuse.

“O NAUFRAXIO”

JOSÉ-MARÍA HEREDIA
OS TROFEOS

A brisa en popa e por un ceo tranquilo,
Vendo o faro fuxir a través da arboradura,
Partiu de Exipto á saída da Arctura *,
Fachendoso da súa veloz nave, os costados bañados en bronce.

Xa non volverá ver nunca máis o peirao Alexandrino,
Na area onde nin sequera paxa un cabrito,
O temporal furou a súa triste sepultura,
O vento do mar retorxe nela algún arbusto mariño.

No medio máis fondo da duna que se move,
Na noite sen aurora e sen astros e sen lúa,
Que o navegante encontre por fin o descanso.

¡O Terra, O mar, piedade para a súa sombra
desacougada !
E na beiramar helena ata onde chegaron os seus ósos,
Sé ti, suave, e ti, silencioso.

* Estrela vermella xigante

José-María de Heredia :Poeta nado en Cuba, no ano 1842 e falecido en Francia en 1905. A súa obra máis coñecida é unha colección de sonetos titulada “Os trofeos”.

3ºA do I.E.S Urbano Lugris

‘L’HOMME ET LA MER’

CHARLES BAUDELAIRE
LES FLEURS DU MAL

Homme libre, toujours tu chériras la mer !
La mer est ton miroir; tu contemples ton âme
Dans le déroulement infini de sa lame,
Et ton esprit n’est pas un gouffre moins amer.

Tu te plais à plonger au sein de ton image;
Tu l’embrasses des yeux et des bras, et ton cœur
Se distrait quelquefois de sa propre rumeur
Au bruit de cette plaine indomptable et sauvage.

Vous êtes tous les deux ténébreux et discrets :
Homme, nul n’a sondé le fond de tes abîmes,
Ô mer, nul ne connaît tes richesses
Tant vous êtes jaloux de garder vos secrets !

Et cependant voilà des siècles innombrables
Que vous vous combattez sans pitié ni remords,
Tellement vous aimez le carnage et la mort,
Ô lutteurs éternels, ô frères implacables !

“O HOME E O MAR”

CHARLES BAUDELAIRE
AS FLORES DO MAL

¡ Home libre, sempre amarás o mar !
O mar é o teu espello ; contemplas a túa alma
No desenvolvemento infinito da túa onda
E o teu espírito non é un abismo menos amargo.

Comprácesto en mergullarte no seo da túa imaxe
Abrázala cos ollos e cos brazos, e co teu corazón
Esquécesto ás veces do seu propio rumor
Co ruído desta chaira indomable e salvaxe.

Vós os dous sodes tenebrosos e discretos :
Home, ninguén chegou ao fondo dos teus abismos,
¡ O, mar, ninguén coñece as túas riquezas íntimas
Pois desexades tanto gardar os vosos segredos !

Mais, velaí están os séculos incontables
Nos que vós loitades sen piedade e sen remorsos,
¡Pois gústavos tanto a masacre e a morte,
O, loitadores eternos, o, irmáns implacables!



‘LA MUSIQUE’

CHARLES BAUDELAIRE

La musique souvent me prend comme une mer!
Vers ma pâle étoile,
Sous un plafond de brume ou dans un vaste éther,
Je mets à la voile;

La poitrine en avant et les poumons gonflés
Comme de la toile,
J’escalade le dos des flots amoncelés
Que la nuit me voile;

Je sens vibrer en moi toutes les passions
D’un vaisseau qui souffre;
Le bon vent, la tempête et ses convulsions

Sur l’immense gouffre
Me bercent.-D’autres fois, calme plat, grand miroir
De mon désespoir!

“A MÚSICA”

CHARLES BAUDELAIRE

A música a miúdo me embarga como o mar
Cara á miña pálida estrela,
Baixo un teito de néboa ou nun vasto éter
Alzo velas;

O peito cara adiante e os pulmóns inflados
Como unha tela,
Escalo as costas das ondas como montañas
Que a noite non me deixa ver;

Sinto vibrar en min todas as paixóns
Dun barco que sofre;
O vento bo, a tempestade e as súas convulsións

Sobre o inmenso abismo
Mécenme.- ¡Outras veces, chaira calma, grande espello
Do meu desespero!

CHARLES BAUDELAIRE: Poeta francés nado en París en 1821 e falecido en 1867 na mesma cidade. A súa obra mestra foron “As flores do Mal”, publicadas en 1857, que provocou un grande escándalo. Foi mesmo procesado xudicialmente.

3ºB do I.E.S. Urbano Lugrís

“CROSSING THE WATER”

SYLVIA PLATH

Black lake, black boat, two black, cut-paper people.
Where do the black trees go that drink here?
Their shadows must cover Canada.

A little light is filtering from the water flowers.
Their leaves do not wish us to hurry:
They are round and flat and full of dark advice.

Cold worlds shake from the oar.
The spirit of blackness is in us, it is in the fishes.
A snag is lifting a valedictory, pale hand;

Stars open among the lilies.
Are you not blinded by such expressionless sirens?
This is the silence of astounded souls.

“CRUZANDO A AUGA”

SYLVIA PLATH

Lago negro, barca negra, dous negros que cortan papel.
¿Onde van as árbores negras que beben aquí?
As súas sombras deben cubrir Canadá.

Unha suave luz fíltrase desde as flores acuáticas.
As súas follas non desexan que nos apuremos:
Son redondas e planas e cheas de escuros consellos.

Os mundos fríos estremecen desde o remo.
O espírito da negrura está en nós, está nos peixes.
Un problema emana dunha man pálida e afirmativa.

As estrelas ábrense entre os lilios.
¿Non te cega tal falta de expresión de sereas?
Este é o silencio das almas atónitas.

SYLVIA PLATH: Sylvia Plath naceu en Boston, Massachusetts, en 1932. Educouse en EEUU e máis tarde foi estudar a Inglaterra, en Cambridge; alí coñeceu o grande poeta inglés Ted Hughes, con quen casou. Suicidouse aos trinta e un anos e despois da súa morte publicáronse varios dos seus libros de poemas.

Victoria Garaza Pérez, Aitor García Suárez
Javier Lema Cachaldora, Víctor Martínez Casal
Emilio Cambre Pose
4ºB



‘TO THE SEA’

PHILIP LARKIN

To step over the low wall that divides
Road from concrete walk above the shore
Brings sharply back something known long before-
The miniature gaiety of seashores.
Everything crowds under the low horizon:
Steep beach, blue water, towels, red bathing caps,
The small hushed waves’ repeated fresh collapse
Up the warm yellow sand, and further off
A white steamer stuck in the afternoon-

Still going on, all of it, still going on!
To lie, eat, sleep in hearing of the surf
(Ears to transistors, that sound tame enough
Under the sky), or gently up and down.
Lead the uncertain children, frilled in white
And grasping at enormous air, or wheel
The rigid old along for them to feel
A final summer, plainly still occurs
As half an annual pleasure, half a rite,

As when, happy at being on my own,
In searched the sand for Famous Cricketers,
Or, farther back, my parents, listeners
To the same seaside quack, first became known.
Strange to it now, I watch the cloudless scene:
The same clear water over smoothed pebbles,
The distant bathers’ weak protesting trebles
Down at its edge, and then the cheap cigars,
The chocolate-papers, tea-leaves, and, between

The rocks, the rusting soup-tins, till the first
Few families start the trek back to the cars.
The white steamer has gone. Like breathed-on glass
The sunlight has turned milky. If the worst
Of flawless weather is our falling short,
It may be that through habit these do best,
Coming to water clumsily undressed
Yearly; teaching their children by a sort
Of clowning; helping the old, too, as they ought.

PHILIP LARKIN: Naceu en 1922 en Coventry, estudou en Oxford e exerceu varios traballos de bibliotecario.

Neste momento é o bibliotecario da Universidade de Hull. Publicou catro libros de poemas e dúas novelas.

“CARA AO MAR”

PHILIP LARKIN

O feito de brincar por riba do valado que separa
a estrada do camiño de cemento que hai na beira do mar
trae á miña memoria os recordos de algo coñecido
desde hai moito tempo:
a ledicia en miniatura das beiras do mar.
Todo se amorea baixo o horizonte próximo:
A praia pina, a auga azul, as toallas, os gorros de baño vermellos,
O fresco derrubamento repetido das pequenas ondas silenciosas
Máis arriba e lonxe da cálida area dourada
Un barco de vapor branco está varado na tarde:

¡Todo continúa aínda, aínda continúa!
Estar deitado, comer, durmir, escoitando a oleaxe
(as orellas nos transistores, que soan suaves de abondo
baixo o ceo), ou pasear tranquilamente arriba e abaixo
os nenos inseguros, vestidos de loras brancas
e agarrar o aire enorme, ou pasear
os anciáns ríxidos para que sintan
a fin do verán, que ocorre aínda sinxelamente
metade como pracer anual, metade como rito,

como cando, feliz por estar só,
busquei a area onde están os famosos xogadores de cricket,
ou, indo máis lonxe aínda, os meus pais, que escoitaban
o son da mesma beira do mar, ao principio descoñecido.
Estraño aí só agora, eu observo a escena límpida:
A mesma auga clara por riba dos cantos lisos,
As voces débiles dos bañistas distantes que berran
Abaixo na beiramar, e os cigarros baratos,
Os envoltorios das *chocolatinas*, as follas de té, e no medio

Das rochas, as latas de sopa oxidadas, ata que as primeiras
E escasas familias comezan a desfilar de volta aos seus coches.
O vapor branco marchou. Como o cristal embazado
A luz do sol esbrancuxou. Se o peor
Do tempo marabilloso é a rapidez con que desaparece,
Pode ser que por medio do hábito estes mellores,
Vindo á auga preguizosamente desvestidos
Cada ano; educando os seus nenos por medio
Dalgún xogo, axudando tamén aos anciáns como é debido.

María Arias Rey
Érika Santos Varela
Tania Blanco Fidalgo
Olaya García Varela
4º A



CANTIGAS POPULARES

Estas cantigas son moi antigas, aínda as xentes de hoxe en día non saben quen as inventou. Sábese que había grupos de xente, xa de idade madura, que se reunían en leiras, nas horas en que traballaban nos labores agrícolas, e nese tempo aproveitaban para compoñer este tipo de cantigas.

Toda esta información pregunteilla a miña avoa e a outras señoras da miña vila. Elas sábenas xa que se van transmitindo de pais a fillos ata chegar á actualidade.

Vou contar os labradores
Da parroquia de Cerqueda
Empezando en Ardeleiro
E rematando en Filgueira

Adeus Cerqueda, Cerqueda
Para toda a miña vida
Para min queda cerrada
Con pedras de cantería.

López e Veiga de Arriba
Andrade o vinculeiro
E Cotelo e máis Barizo
Os seis fan un bo paleiro

En Cerqueda non hai mozos
Mozos hainos na ribeira
Hainos de media polaina
Hainos de polaina enteira.

Viva Cores e Bardaio
Riotorto e A Ourada
Santa Cruz e os Torrados
O Castro maila Campara

Señor cura de Cerqueda
A doutrina non lla sei
Dígame unha cantigueira
Que eu lla repetirei.

Viva Brantuas e Niñóns
Couto, Ponteceso, Anllóns e Tella
Tallo, Cores, Pazos e Xornes
Leiloio, Buño e Cerqueda

Oscar e Martín (3ºA)

Aínda me queda un no medio
O lugar de Rebordáns,
Trabe, Oca e Xaviña,
Carballo, Cances e Goiáns.

A nosa Virxe do Carme,
Fixo unha casa na illa,
Para ver os de Malpica,
Como pescan a sardiña.

Laura Pose Domínguez

A Corme non imos
Que dormen no chan
Despachan aos mozos
Ás tres da mañán.

Diego Varela 2º A, Jenifer Montes (2ºC)

Estas tres coplas están recollidas en Cerqueda, e pódense adaptar a calquera música. Tocábanas e cantábanas as señoras Evangelina, Lola, María e Henginia.

Non quero un amor oleiro
Que é moi malo de lavare
Quero un amor mariñeiro
Que vén lavado do mare.

Mariñeiros de Malpica
Non morrades coa pena
Se non gañastes a regata,
Non vos goi a culpa vosa
Nin tampouco do patrón
Tivestes a mala sorte
Dunha mala embarcación.
Por Asalo paso rindo
E por Mens paso cantando
Polo lugar de Barizo
Nunha lanchiña nadando.

Sei tocar a pandeireta
Coa man e máis co puño
Non me cases miña naie
Cos oleiriños de Buño

Hugo Añón, Marcos Ferreiro
Cristina Añón, Ángela Mª Quintas (2ºB)

Anque che somos de Buño
Non somos todos oleiros
Que tamén aló en Noia
Non son todos zapateiros.

Irene García, Alba Riber (2ºC)
Alba Varela, Aida García (2ºA)

Indo por Mens arriba
Metín o pé na poza,
Agarreime a unha vella
Pensando que era unha moza.

Cristina Castro, Juan Carlos Álvarez
Úrsula Duarte, Bertín Figueiras

POESÍA

O MEU MAR

Unha nube de chumbo a tapar todo o ceu;
borraxeira e orballo que revoan no ar;
os inxentes penedos, xa tristes de seu,
espallando queixumes con dorido fungar;
os montes envoltos na brétema sutil;
e as bocas desdentadas das furnas no cantil.

Escumas,ardentías,
atruxante balbor,
e, cal apocalípticas porfías
de cíclopes, vestiglos e xigantes
das vellas e varís mitoloxías,
os ecos trepidantes
do líquido elemento bruador.

¡ O mar!
¡ O meu mar!
¡ O mar que eu vexo,
nestes días de inverno,
gris, abalante,
inquedo, forte e rexo,
a cólera a roubar do fondo do averno
e a bater nas orelas, escumante
de rabia e de furore, nun épico loitar!

Este mar que derruba coas paredes das hortas,
desfaise contra os cons e sobe polos cabos;
que corre polas rúas ribeiranas e tortas
ante as casas homildes dos mariñeiros bravos.
Este mar belicoso que a costa brava asedia,
que as ondas esnaquiza nunha branca fervenza
e en escumas de prata no cantil as destrenza...
é o gran creadore dunha eterna traxedia.

Nemancos, editorial Nós A Coruña, 1929
Gonzalo López Abente (Muxía,1878-1963)

MAR

Mar!
Tinhas un nome que ninguém temia:
Era um campo mácio de lavar
Ou qualquer sugestao que apetecia...

Mar!
Tinhas um choro de quem sofre tanto
Que nao pode calar-se, nem gritar,
-Nem aumentar nem sufocar o pranto...

Mar!
Fomos entao a ti cheios de amor!
E o fingido lemeiro, a soluçar,
Afogava o arado e o lavrador!

Mar!
Enganosa sereia rouca e triste!
Foste tu quem nos veio namorar,
E foste tu depois que nos traíste!

Mar!
E quando terá fim o sofrimento!
E quando deixará de nos tentar
O teu encantamento!

Miguel Torga, “Poemas Ibéricos”, Coimbra, 1965.

Naceu en 1907. Poeta, novelista e ensaísta portugués.
Faleceu no ano 1995. Como narrador cabe salientar
os seus “Contos da Montanha” (1941). Como poeta
publicou unha “Antologia poética” en 1981.



-A BERGANTIÑOS-

¡Bergantiños, chan querido;
catro anos vai facer
que lonxe de ti sospiro,
tempo en sigros convertido
pol`as arelas de te ver

Dende que de ti saín
tódol`os días a éito
sin arredarse de min,
a teu ricordo sentín
decote rilarme o peito

Xa n-as horas d`alegría
ou n-os días d`afliceón
de min nunca se desvía
esta óuta melancolnía
que me rila o curazón.

Pensando en ti, Bergantiños,
horas inteiras deliro
pois os teus montes, teus pinos,
teus rigueiros,teus camiños,
da maxinaceón n-os tiro...

Qu`unque de ti lonxe alento
non te dou por esquecido,
pois a yalma, o pensamento
y-o máis fondo sentimento,
está decote contigo...

¿E se a relembra me poño
n-esa terriña o meu Lar?
¡ Quedo parvo, cuase soño,
y-axiña si, me dispoño
mestas vágoas a enxugar!...
Todos os teus atrautivos
vexos pasar á carreira
en saudá confundidos,
que me trân ricordos vivos
da miña vida primeira...
Si, pois soilo d`unha ollada
vexo dende aquí o teu chán,
sen que se m`agache nada,
dende Lañas a Agualada,
dende Corme hastra Sofán...

.....
Vexo de Cayóns as prayas,
de Baldayo o areal,
de Razo as ribeiras bravas,
e preto, as tan nomeadas,
gandras da costa do Sal.

Vexo a Malpica, c`o porto
que malgarda o temporal,
San Tirso, o Neme, y-o Coto,
e máis arriba o viloto
de Buño, autivo, industrial...

Corme, Ponteceso,Laxe,
Niñóns, o Bosque, Baneira
e Verdes, belo paisaxe,
qu`o Anllóns bica co a carraxe
de têt que seguir carreira...

Arriba, Cúns e Xaviña,
Oca,Sísamo,Goyáns;
a Ponte Dona, Centiña,
Carantos con Traba axiña,
¡Todas aldeas hirmáns!

Ardaña, Verdillo, as Pallas, Oza, Bértoa, o
Ferradal;
Rús, c`o lugar das Barallas,
y-aló, collendo para Xallas,
a costa do Carrizal...

E n-o medeo d`esto todo
n -unha chanceira agachado,
vexo tamén d` igual modo
de Carballo o branco pobo
con mil casas dibuxado,

y-as suas áugas mineraes,
qu`oufrecendo a saúde están
co a virtú dos seus brañaes,
ôs qu`as busquen como taes
xa n-o inverno, ou xa n-o vrán...

Con prazas,que non se diga,
e Pazos a cal mellor,
limpas calles, feira antiga...
¡Perdonaime que non siga,
porque en verdá m' atousiga
un ricordo rilador!...

Non sigo, non, d`este xeito
con tanta ricordaceón,
xa que morreréi de feito,
pois a saltarme do péito
teño esposto o curazón...

.....
¡Bergantiños, s' algún día
me volves a ver ahí
reloucando en leduría,
págame a melancolnía
que sofrendo estou por ti!...

Mais, s'e qu'a morte, primeiro
me mandase o rún fado,
podes têt por verdadeiro,
qu`o meu sospiro postreiro
teu será... ¡chan adourado!.

Bos Aires -ano 1895

Xesús San Luis Romero (Carballo 1872, Santiago 1966)



OCASO DOS DINOSAURIOS

Os dinosaurios (do grego *dino*: espantoso e *saurio*: reptil) son os grandes réptiles que dominaron a Terra durante a Era Secundaria. Ao final desta, hai 65 millóns de anos, extinguíronse.

Foron os animais máis grandes que xamais pisaron terra firme e quizais foi o seu enorme tamaño a causa indirecta da súa extinción.

O aumento de tamaño é unha tendencia evolutiva observable na maioría das especies. A razón disto é o aforro enerxético, xa que, aínda que un animal grande consuma maior cantidade de alimento que outro menor, proporcionalmente aos seus respectivos pesos, a relación é vantaxosa para os animais grandes.

Os dinosaurios levaron esta tendencia evolutiva ata a esaxeración. Favorecidos pola selección natural, adaptáronse tanto neste sentido que chegaron a un punto sen retorno evolutivo. Un cambio importante nas condicións ambientais non puido ser contestado cun cambio adaptativo.

E iso foi probablemente o que pasou. O clima cambiou, e produciuse un enfriamento. Os paleontólogos non se poñen de acordo sobre a causa que orixinou a catástrofe climática. Puido ser un brusco e repentino aumento da actividade volcánica ou a caída dun enorme meteorito; en ambos os casos, levantáronse grandes nubes de cinzas e pó. A luz solar non chegaría á superficie terrestre, producíndose unha longa e invernal noite.

Deste modo, as grandes masas vexetais desaparecerían, sendo substituídos os fentos por pastos de herba. Os dinosaurios herbívoros non podían encontrar o alimento en cantidade suficiente e pereceron. Os seus depredadores, os dinosaurios carnívoros morreron igualmente de fame.

Soamente sobreviviron os animais adaptables, entre eles unhas pequenas criaturas que incuban as crías no seu interior: os nosos antepasados. Libres da competencia dos grandes réptiles, estes mamíferos prosperaron, diversificáronse e ocuparon o lugar que aqueles deixaron. A era dos mamíferos comezara.

Namibia Sanluis Verdes (4°A)



UN ERRO COMÚN


En relación coa catástrofe do Prestige, a xente cometeu un grande erro ao dicir que o fuel-oil era moi denso, cando en realidade era todo o contrario. O fuel-oil é pouco denso, por iso se mantén por riba da auga; se fose, como di a xente -moi denso- estaría no fondo do mar en troques de na superficie. Co paso do tempo, o fuel-oil vai absorbendo auga e perdendo os produtos máis lixeiros, polo que se volve máis denso e pode mesmo chegar ata o fondo. A este proceso chámasele emulsión.

Tamén existe o denominado "fuel entre augas" que se dá cando o fuel-oil non perde a cantidade necesaria dos seus produtos máis lixeiros nin absorbe a suficiente auga como para chegar ao fondo; entón adquire unha densidade moi semellante á da auga polo que se mantén entre ela.

En realidade, o que a xente quería dicir en relación coa propiedade que impide que o fuel-oil se mova áxil e facilmente era que, o fuel-oil en troques de ser denso, era moi viscoso.

Segundo as fontes nas que buscamos a información para intentarmos aclarar este erro (Diccionario Enciclopédico Salvat e Gran Diccionario da Lingua Galega) sobre este tema obtivemos as seguintes definicións:

A Viscosidade é a forza de rozamento interno dos fluídos que dificulta o movemento das partículas que o constitúen. A unidade na que se mide no sistema internacional é en Stockes (palabra que vén do científico Stockes), a viscosidade do fuel-oil a temperatura ambiente é entre 3-8 Stockes e esta aumenta coa diminución da temperatura (son inversamente proporcionais). Entón o que dicía a xente de que no fondo o fuel-oil solidificaría non é certo, senón que se volvería moito máis viscoso polas baixas temperaturas (sobre 3°C). Un exemplo de algún elemento viscoso é a pintura.



Por outra parte a Densidade é a relación entre a masa dun corpo e o volume que ocupa. A densidade relativa do fuel-oil é de 0'99 g/cm³, mentres que a da auga salgada é de 1'03 g/cm³. Un exemplo dun elemento moi denso é o chumbo (Pb).

A conclusión á que nós queremos chegar é que o fuel-oil é moi pouco denso con respecto á auga (por iso se mantén por riba dela) e sen embargo, é moi viscoso (polo cal se move lentamente).

Iria Pérez Varela
Jorge Lema Pombo
(3º A)



VISITA Á CERÁMICA DO CASTRO-SADA E BETANZOS MEDIEVAL

Este martes día un de Abril fomos de excursión a Sada. Ao chegarmos alí fomos directamente ao museu xeolóxico de Isidro Parga Pondal, un dos grandes xeólogos a nivel mundial; alí explicáronnos o labor que desempeñou e a importancia que tivo para Galicia. Despois de ver todo o alí exposto, fomos ao auditorio onde nos puxeron un vídeo sobre a orixe e historia das cerámicas de Sargadelos, o proceso de produción, decorado, etc., e o labor tan importante que fixeron os galeguistas como Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, na súa recuperación, converténdoa nunha empresa modélica que une a actividade mercantil coa defensa da cultura e identidades galegas. Comprobamos todo isto ao visitar a fábrica e as distintas seccións de produción das pezas de cerámica, vendo o cuidado e o amor con que se produce cada obxecto desta cerámica coñecida en todo o mundo. Despois fomos ao Museo Carlos Maside, onde admiramos moitas obras pictóricas dos chamados “renovadores da pintura galega”, das primeiras décadas do século XX, como o propio Carlos Maside, Seoane (moitos dos libros galegos da época foron ilustrados con debuxos seus), Colmeiro, Torres, e o propio Urbano Lugrís... E logo de dar un repaso á arte contemporánea galega fomos repoñer forzas a Sada.

Xa comidos fomos para Betanzos, onde primeiro demos un repaso ás igrexas da orde mendicante de San Francisco, onde está o sepulcro de Andrade, o Bo, unha das familias nobres máis importantes da Galicia medieval. Visitamos tamén a igrexa de Santiago, que ten un retablo importantísimo, e Santa María do Azougue, onde sacamos esta foto:



Admiramos tamén as escolas que fixeron os irmáns García Naveira, e terminamos a visita percorrendo o Parque do Pasatempo que eles mesmos fixeron construír para o lecer dos seus conveciños e conveciñas.

Tivemos un día de sol primaveral e pasámolo moi ben.

Javier Lema Cachaldora e Olga Arias (4ºB)

REGUEIFAS

A regueifa, tan tradicional noutros tempos na Galicia, estase perdendo e a penas quedan algúns lugares en Bergantiños ou no Cebreiro, en que se ofrezan aquelas versadas competencias moi improvisadas.

As regueifas teñen a súa orixe nas vodas, cando os noivos, despois de ben comer e beber, ofrecen un molete de pan branco grande, e se era casamento de casa rica podía levar ovo, azucre e outras larpeiradas, que se ofrecían en “competencia” a todo o mundo, non só aos convidados, pois incluso viñan doutras parroquias ou concellos a disputala. Saíase fóra, ao lugar da regueifa a bailar e cantar e sobre todo recitar versos improvisados sobre os noivos, unhas veces críticos outras de loubanza. Vexamos algunhas que recolleu Andrés Suárez en “A regueifa”, Edición Castros, colección O Moucho.

*O noivo que hoxe se casa
Algún día foi meu,
Agora chupádelle os ósos
Que a carne cominlla eu.*

*A regueifa é de trigo
No medio ten un pote,
A noiva que casou hoxe
Ten o virgo no gañote*

*A regueifa é de trigo
No medio ten un carballo,
Eu dígoche Loureiro
Que te agarres o carallo.*



18). 1998. "Bergantiños e Cebreiro", regueifas, de Coraado

Ás veces tamén continuaba a regueifa con disputas moi ácidas entre membros de distintas parroquias, en que non poucas veces acababan a paus. Co paso do tempo as regueifas celébranse ao longo do ano, non só nas vodas, e o premio será do máis variado incluído o metálico. Polo que se refire á temática, foi variando moito a medida que se desprende da súa orixe na voda, dende temas persoais, amorosos, a morte, ata os políticos. Na Galicia, na zona de Pedrafita do Cebreiro, existen tamén os “brindeiros”, aínda que se diferencia da regueifa en que canta un só, a ironía é algo máis “fina” e ten máis importancia a música.

Esta arte de improvisar, que na Galicia chamamos regueifa, ten similitudes en países como Portugal, que lle chaman “Cantigas á desgarrada” ou “Cantigas de canha verde”, con acompañamento musical; no País Vasco son os “bertsolaris”, e en Cuba son os “Repentistas” de décimas.

En Bergantiños onde se encontran os mellores regueifeiros, destacan fundamentalmente dous nomes, Costa de Coristanco, discípulo do mítico Blanco, que definía a regueifa como deporte de precisión, no que hai que escoitar, pensar e golpear con rapidez, e o grande Calviño de Tallo, desgraciadamente falecido recentemente, home de grande xenerosidade e sentido do humor, a quen tivemos o gusto de coñecer con motivo do I Certame Nacional de Regueifeiros, que organizaron a Asociación Cultural O Facho e o Centro Cultural de Valadares, Vigo. Calviño de Tallo gañou este concurso despois de derrotar na final o máis xove regueifeiro Antonio Rodríguez. Vaia este texto na súa homenaxe e na súa lembranza.

MANUEL MARÍA NA ACADEMIA GALEGA

O día 15 de febreiro de 2003 o poeta Manuel María leu o seu fermosísimo discurso de entrada na Real Academia Galega, que presidira Manuel Murguía dende a súa fundación ata 1923 en que morreu o autor dos *Precursores*, co título de A TERRA CHÁ: POESÍA E PAISAXE . Tivo unha excelente resposta por parte do escritor Xosé Luís Méndez Ferrín. Tanto un como outro deleitaron o numerosísimo público presente no auditorio de Vilalba, capital da Terra Chá.

Lembremos que o autor de *Muiñeiro de Brétemas*, estivo no noso Instituto no ano 1999, con motivo dos actos en homenaxe a Urbano LUGRÍS que dende aquela da nome ao noso centro. Dende aquí a nosa máis sincera noraboa a Real Academia Galega quen dende agora está máis ennobrecida.

REAL ACADEMIA GALEGA

A TERRA CHÁ:
POESÍA E PAISAXE

DISCURSO LIDO
O DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2003,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

MANUEL MARÍA FERNÁNDEZ TEIXEIRO
E RESPONSA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON
XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN



A CORUÑA
2003

LUAR NA LUBRE E URBANO LUGRÍS

É un grupo galego de música *folk* que adica o seu disco *Cabo do mundo* a Malpica.

Na portada, como no caderniño, aparecen cadros de Urbano LUGRÍS. Moitos deses cadros atópanse na Casa do Pescador nesta mesma vila. Xustamente o “cd” está decorado coa Rosa dos Ventos tamén de LUGRÍS.

Un dos compoñentes é moi coñecido en Malpica xa que foi profesor de gaita hai algúns anos, antes de formar Luar na lubre.

Póñenlles música a letras tan fermosas como “Chove en Santiago” de Federico García Lorca e nova letra a “Scarborough faire” en “Romeiro ao lonxe”. Interpretan ademais “Crunia Maris”, “Raqueiros”, “Devanceiros”, “Nau”, “Canteixeire”, “Cantiga de berce”, “O trebón”, “Sereas”, “Heicho de dar” e “De ruada” / “Herba de namorar”.

Xusto no centro do caderniño hai unha foto de: Rosa Cedrón: Violoncelo e voz; Daniel Sisto: Guitarra acústica; Xulio Varela: Bouzouki, trompa e percusión, Patxi Bermúdez: Bodran e tambor galego; Xavier Ferreiro: Percusións latinas, africanas e efectos; Xavier Cedrón: Violín; Xan Cerqueiro: Frauta; Bieito Romero: Gaitas galegas, acordeón diatónico e zanfona sentados nunhas cadeiras na praia Maior. Se o día non estivese anubado poderíamos apreciar de fondo as Illas Sisargas e o Cabo Santo Hadrián.

Nestes momentos estanse solidarizando con Galicia dando concertos por toda a costa coa plataforma NUNCA MÁIS, concertos onde podes disfrutar de moi boa música, para min persoalmente a dun dos mellores grupos do noso país.

Olalla García Varela (4º A)



DEMOGRAFÍA DE MALPICA/GALICIA

POBOACIÓN: CONCELLOS, PARROQUIAS, LUGARES		
	Galicia	Malpica
Nº de habitantes	2,720,445	7,091
Superficie km ²	29,575	60.7
Superficie por concello (media)	93.88	60.7
Nº de parroquias	3,787	8
Media de parroquias por concello	12	8
Habitantes por concello (media)	8,691	7,091
Nº de habitantes por parroquia	728	886.3
Nº de habitantes por lugares	93	48
km ² por parroquia (media)	9.8	7.5
Densidade de poboación	91.98	122.47
Entidades de poboación	29,179	148
Media de lugares por concello	92.6	148
km ² por lugar	0.99	1.29



Evolución por parroquias da poboación do concello de Malpica

PARROQUIA	km ²	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001
BARIZO	8.7	316	384	375	370	371	406	428	362	367	372	320	341
BUÑO	5	812	914	908	874	806	891	1067	984	930	884	762	697
CAMBRE	7.5	315	315	287	300	307	341	345	373	353	339	291	313
CERQUEDA	11.8	691	830	832	845	765	869	968	1015	950	899	835	737
LEILOIO	5.6	525	644	638	621	644	761	799	814	795	792	762	738
MALPICA DE B.	5.6	1260	1441	1558	1836	2157	2488	2737	2834	3406	3377	3352	3343
MENS	3.7	473	530	501	531	588	618	606	679	606	576	520	484
VILANOVA	8.7	277	519	533	669	623	716	807	766	701	672	592	576
TOTAL	60.7	4669	5577	5632	6046	6261	7098	7757	7827	8108	7911	7434	7229



LUGARES DE BARIZO

- . O CASTRO
- . CASA GRANDE
- . PIVIDAL
- . O LUGAR
- . AS GARZAS
- . BAREANGO
- . A ROCHEIRA
- . A LAMEDA
- . O QUINTEIRO
- . O CAMPELO
- . OS MAZARICOS
- . SEIRUGA
- . ESTEIRO
- . AS CABANAS

LUGARES DE BUÑO

- . BUÑO
- . A COSTA
- . CRUCEIRO
- . FONTE
- . FORNO NOVO
- . LAXE
- . MOURÓNS
- . PEDREIRA
- . REGO
- . RUEIRO
- . SANTA CATALINA
- . A CAMPOSA
- . LOUREIROS
- . XAVIÑA
- . EMPALME
- . BOA VISTA

LUGARES DE CAMBRE

- . AVIÑO
- . A XESTEIRA
- . LEIXOADA
- . LEUTOÑO
- . VIZARRÓN
- . ESCRAS
- . CAMBRE

LUGARES DE CERQUEDA

- . FONTE DOS BOIS
- . FILGUEIRA
- . PASACONDIA
- . AS CORTES
- . TARAIO
- . AS POZACAS DE ARRIBA
- . LEDUZO
- . ALDEOLA
- . CERQUEDA DE ARRIBA
- . CERQUEDA DE ABAIXO
- . ARDELEIRO
- . A LAGOA
- . O CEAN
- . LOROYO
- . ALGADAN
- . ARIXÓN
- . GOMOROTO
- . PAZO
- . CANELAS
- . OS RESIOS
- . CAMPELAS
- . AS LABRADAS
- . TORMEAN
- . SAN CRISTOBO
- . AS POZACAS DE ABAIXO
- . O PETÓN
- . A CAMPOSA
- . O RODO
- . O MIRTO



LUGARES DE LEILOIO

- . BRIÓN
- . O CASTRO
- . A CHOUPANA
- . FEIRA NOVA
- . A PEDROSA
- . PERNES
- . O PIÑEIRO
- . A RAXEIRA
- . AS RABUCEIRAS
- . O EMPALME
- . A TREMOA
- . VILAR
- . ORATORIO

LUGARES DA PARROQUIA DE MALPICA

- . MALPICA
- . PIÑEIRO
- . SEIXAS
- . SEAIA
- . A CAMUZA
- . CANCELA DE AREAS
- . A VISTA
- . A PEDREIREIÑA
- . SORRÍO
- . AGRA DE LUCAS
- . OS MEDROS

LUGARES DE SANTIAGO DE MENS

- . ASALO
 - . O LADEIRO
 - . O PIÑEIRO
 - . O MIÑÓN
 - . O CASAL
 - . A MORACEIRA
 - . A CAMPELIÑA
- . MENS
 - . O SEIXO
 - . A COSTA
 - . O RAQUEIXO
 - . BARRIO DO GALO
 - . O RUEIRO
 - . OS MAIOS
 - . O PRIMEIRAL
 - . AVINDO
 - . O BECHO
 - . AGRA DE MIÑAN
 - . A CATALEIRA
 - . PIA DO REI
 - . CAMPOSA
- . PEDRA DO MATO
- . RIO DOS PIOS
- . O MOSTEIRO
- . A LAXE
- . XOGO DA BOLA
- . O TABOLEIRO
- . BARREIRO DA PEDRA
- . A MINA
- . AGRA DO MONTE
- . A CODESEIRA
- . PORTO DO FONDO
 - . O PIÑEIRÓN
 - . A CRUZ
 - . O BARREIRO
 - . AGRO DO CAMPO
- . O OBRADOIRO
- . BADARRA
- . AS TORRES BOCELO
- . CASAS NOVAS

LUGARES DE VILANOVA (SANTISO)

- . PONTELLA DE ARRIBA
- . PONTELLA DE ABAIXO
- . SAN TIRSO DE ABAIXO
- . SAN TIRSO DE ARRIBA
- . VIGO DOS TOXOS
- . CASAS DO MONTE
- . O CAMPO
- . MIXIRIQUI
- . O CRUCEIRO
- . CAMARADA
- . LAMAS
- . MUNDÍN
- . OUTEIRO
- . CRUS
- . AGRA DE LAMAS
- . BARRUEIRO
- . RIO DE VAA
- . BEO, MONTE DE BEO



SÓ TI, NEFERTITI



Nin Nefertari, ti
Nin Hatshepsut, ti
Ti és, só ti
Nefer
A beleza sublime
Ti, Nefer
Só ti
Podes ser Neferti-ti.



M.P. (4º Eso)

30 ANIVERSARIO DA MORTE DE URBANO LUGRÍS

A partir do primeiro trimestre do VINDEIRO curso 2003-2004, con motivo do trinta aniversario da morte de Urbano Lugrís (1908-1973) faremos unha serie de actividades para lembrar e coñecer millor o noso gran pintor.



Urbano Lugrís visto por Álvaro Cebreiro e por Laxeiro

PRANTO POR URBANO LUGRÍS

Estou agora, Urbano, mordendo unha flor negra no medio da vida
Cunha sede abismal de beber todos os cráteres do mundo
De onde bai saír a túa voz de capitán antigo bruando
Como un temporal oceánico, ou acaso o balbordo
Das carballeiras silúricas onde zunías o teu corno de ouro

Estou inerte debaixo da besta apocalíptica
Torcéndolle os testículos: son o profeta enfurecido
Que non pode entender a túa morte, a túa morte, a túa morte.

¿Quen vai coidar agora dos soños na fronteira da patria?
Ouh gurdían terrible. Argonauta, vello titiriteiro conmovido.

Esta noite zugo o viño máis acedo. Esta noite cavo leguas
Profundas de memoria pra camiñar contigo novamente,
Agardo vixiante nas illas máis remotas a túa fragata,
A túa nave inconsútil.

Asisto cun ferro atravesado nas virillas
Ao enterro da miña mocidade. E escoíto
A treboada universal cando derruban a pirámide
E os cabalos das batallas pisan aqueloutrados
O noso tempo
Onde a grande man de mariñeiro crepuscular
Prendía os astros.

Asoballado por única vez, cun lobo famento nas arterias,
Atravesas un país xiado
E cantas con voz rouca nos subterráneos boreais o teu amor
E un milleiro de defuntos apodrecidos pola ira
Cóbrense entón de rosas e lembran o fulgor da súa terra.

Se non fora tan lonxe, ¡con que ardentía de compañeiro de catástrofe
Tiño de calafatear os teus ósos, coutando con barro elemental
Esa longa ferida
Que un deus sen pálpebras furou na túa illarga!

Eras a derradeira esperanza do mundo. Pastor de naves,
Cun corazón multicolor de trirreme fenicia
Amabas a rota fundamental dos exploradores celestes
E intimamente andabas
Polos tellados vestido de astronauta galego.

¡Meu amigo sobrenatural!
Hoxe desexo, tanto coma Ulises, atopar unha barca que me leve
Ás costas de Galicia. Son prisioneiro dunha forza estraña.
Navegamos a cegas por ríos diferentes
E o noso canto retumba nos confíns da saudade,
Os dous loitamos con yatagáns de aceiro contra o tempo,
O teu xa tan preciso, o meu aínda vago, fuxidío
Que me acoitela en tódolos recantos.

¡E esa dor de non verte, meu amigo!

ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS (1974)



ARDORA. Revista do Mar, nº 3

2003

SUMARIO

Editorial (pax. 2)* Avilés de Taramancos (pax. 3)* Ao redor do “Prestige” e a guerra (pax. 4-11)* Narración: Supersticións (pax. 12-13)* Historia: O avión que voaba cando lle daba a gana (pax. 14)* Dameiro das Letras Galegas (pax. 15)* Sopa de letras galegas (Pax. 16)* Historia e literatura: O pirata Benito Soto (pax. 17-18-19)* Traducións poesía francesa e inglesa (pax. 20-21-22)* Poesía (pax. 23-24-25)* Ocaso dos dinosaurios (pax. 26)* Un erro común sobre a “densidade” (pax. 27)* Visita a Sada e Betanzos (pax. 28)* Regueifas (pax. 29)* Manuel María na Real Academia Galega, Luar na Lubre e Lugo (pax. 30)* Demografía de Malpica e Galicia (pax. 31-32-33)* Nefertiti (pax. 34)* Pranto por Urbano Lugo, poema de Avilés de Taramancos (pax. 35).